

## ANEXO

Expediente: INC-CO-0187-2007 VNA.

Denunciado: *Atlantie Norte Construcciones y Reformas, S.L.*

Acto de notificación: proposta de resolución.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Cédula do 30 de xaneiro de 2008, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 2007258, por infraccións en materia sanitaria.*

O 3 de decembro de 2007, a conselleira de Sanidade ditou resolución recaída no expediente sancionador nº 2007258 incoado na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Coruña a *Marada, S.L. (M/P WHITE PEARL)*.

Intentada a notificación desta resolución segundo o disposto no artigo 59.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica; por medio desta cédula e segundo o disposto no número 5 do devandito artigo, notifícaselle a *Marada, S.L. (M/P WHITE PEARL)* o contido da resolución que figura como anexo para que poida ter coñecemento del.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que o asiste para interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado ou o a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo os artigos 8 e 14, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta cédula, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; lembrándolle, así mesmo, o seu dereito a consultar o expediente depositado nas dependencias da delegación, sita na rúa Gregorio Hernández, 2-4, A Coruña, ou nos servizos centrais, na Secretaría Xeral (Servizo Técnico Xurídico), situada no terceiro andar do edificio administrativo de San Lázaro, en Santiago de Compostela, e obter, se é o caso, copia do expediente, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O aboamento da sanción farase no seguinte prazo: 1) as notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato día hábil seguinte; e 2) as notificadas entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato día hábil seguinte; todo isto mediante o ingreso que debe efectuar en calquera oficina da *Caixa Galicia* cta. contable 840. código 001, en *Caixanova* recadación Xunta, en *BBVA* transacción 1316 NIF S1511001H ou en *Banesto*, empregando os impresos normalizados que se lle facilitan

tarán nas dependencias desta delegación provincial ou nos servizos centrais da Consellería de Sanidade. O pagamento voluntario porá fin ao expediente, de non facelo así procederáse ao seu cobramento pola vía de constrinximento.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2008.

Mª Ausencia Tomé Martínez de Rituerto  
Delegada Provincial da Coruña

## ANEXO

Nº expediente: 2007258.

Interesado: *Marada, S.L. (M/P WHITE PEARL)*.

DNI/NIF/CIF: B-15387657.

Último enderezo coñecido: edificio Arcoa. Oficina, 27. Peirao do Leste, A Coruña.

Feito imputado: infracción á lexislación vixente en materia sanitaria.

Artigos infrinxidos: artigo 35 c) da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e artigo 146 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia. Artigo 4.3.1º do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, sobre infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

E o anexo III do Real decreto 142/2002 do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Tipificación: moi grave.

Sanción imposta: 15.025,31 €. Quince mil vinte e cinco euros con trinta e un céntimos.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Anuncio do 8 de febreiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa e do complexo ambiental de Cerceda, no concello de Cerceda (A Coruña), promovida pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama). Clave 2006/0327\_AIA/IPPC.*

Para os efectos previstos na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE nº 157, do 2 de xullo), no Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (BOE nº 292, do 7 de decembro) e no Real decreto lexislativo 1/2008, do 11

de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, (BOE nº 23, do 26 de xaneiro), faise público que, por espazo de trinta (30) días hábiles (contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio), quedará exposta en horas de atención ao público, a documentación correspondente á solicitude de autorización ambiental integrada para as instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa e do Complexo ambiental de Cerceda, co fin de que calquera interesado poida consultala e, se é o caso, formular no dito prazo as alegacións, suxestións e/ou observacións que considere convenientes. A documentación a expoñer serán os documentos titulados:

-«Sogama. Proxecto básico para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do Complexo ambiental de Cerceda. Memoria. Tomo I. Cerceda - A Coruña. Revisión I. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Proxecto básico para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do Complexo ambiental de Cerceda. Planos - Anexos. Tomo I. Cerceda - A Coruña. Revisión I. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Proxecto básico para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do vertedoiro de residuos da Areosa. Tomo II. Cerceda - A Coruña. Revisión I. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Memoria para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de Sogama en Cerceda. Cerceda - A Coruña. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Documento resumo para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de Sogama en Cerceda (A Coruña). Tomo III. Cerceda - A Coruña. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Proxecto da planta depuradora de osmose inversa instalada no depósito controlado de RU da Areosa (Cerceda)».

-«Sogama. Contido 1. Memoria. 2. Orzamento. 3. Pregos de condicións. 4. Planos. 5. Estudo de seguridade e saúde. Decembro 2001».

-«Sogama. Proxecto construtivo dun depósito de residuos non perigosos situado na Areosa. Tomo I: Memoria e anexos. Cerceda - A Coruña. Xuño 2007».

-«Sogama. Proxecto construtivo dun depósito de residuos non perigosos situado na Areosa. Tomo II: Planos, prego de condicións e orzamento. Cerceda - A Coruña. Xuño 2007».

-«Sogama. Deseño, subministración de equipamentos, montaxe e posta en marcha da automatización da planta de clasificación de envases lixeiros do Complexo ambiental de Cerceda. Proxecto básico. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Deseño, subministración de equipamentos, montaxe e posta en marcha da planta de pretratamento de residuos da Areosa. Proxecto básico. Xaneiro 2008».

-«Sogama. Proxecto de selaxe e clausura da zona de explotación do vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa. Cerceda - A Coruña. Outubro 2006».

Para isto, poranse á disposición dos administrados exemplares da devandita documentación nas seguintes dependencias:

-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental; San Lázaro, s/n 15781 Santiago de Compostela - A Coruña).

-Delegación Provincial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Praza Luis Seoane, s/n. 15008 A Coruña).

-Concello de Cerceda (avenida do Mesón, 21. 15185 Cerceda, A Coruña).

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2008.

Joaquín Lucas Buergo del Río  
Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

### ANEXO

#### Memoria resumo

Clave: 2006/0327\_AIA/IPPC.

Peticionaria: *Sociedade Galega do Medio Ambiente* (Sogama).

Domicilio social: Morzós, 10 - Baixo. As Encrobas 15187 Cerceda (A Coruña).

Localización das instalacións:

-As instalacións do Complexo ambiental de Cerceda (CMC) atópanse en Morzós, concello de Cerceda (A Coruña). Un punto de localización das instalacións é o definido polas coordenadas U.T.M. X: 545.490, Y: 4.780.240.

-As instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa atópanse nunha pequena valgada da bacía do río Lengüelle, no concello de Cerceda (A Coruña). Un punto de localización das instalacións é o definido polas coordenadas U.T.M. X: 543.075, Y: 4.775.948.

Actividade:

-A actividade do CMC é a clasificación e incineración dos residuos municipais.

-No vertedoiro da Areosa depositáranse os residuos procedentes do CMC.

Descrición do proceso:

-No CMC, basicamente:

\*Selecciónanse (da bolsa amarela) os elementos reciclables da recollida selectiva e os non reciclables únense ao resto dos residuos (da bolsa negra). Despois de triturados e secados, pola calor xerada pola planta de coxeración, sepáranse os materiais inertes, os férricos e o aluminio do resto dos residuos. Estes últimos constituirán o Combustible Derivado de Residuos (CDR) e poderán ser enviados ao almacén de CDR ou alimentar directamente a planta termoeléctrica.

ca, que co seu vapor fai funcionar unha turbina cunha potencia de 50 MW eléctricos.

\*Na planta de tratamento de residuos animais (MER) realízanse as seguintes operacións básicas: recepción, trituración, tratamento térmico, separación de graxas, almacenamento e operacións auxiliares. As fariñas obtidas son valorizadas na planta termoeléctrica.

\*Deposítanse as cinzas no vertedoiro de seguridade e, os inertes e as escouras do forno no vertedoiro de inertes.

\*Depúranse os efluentes líquidos.

-No vertedoiro da Areosa o proceso que seguirán os residuos xerados no CMC serán:

\*Caracterización do residuo.

\*Pretratamento de residuos.

\*Empacamento.

\*Amoreamento no vertedoiro.

Descrición de efluentes:

-As verteduras do CMC: pluviais, manancial, depuradora físico-química, depuradora da planta MER e próxima depuradora físico-química-biolóxica, vértense ao Rego da Iña.

-As verteduras do vertedoiro de Areosa: augas de escorregada e permeado da depuradora, verteranse ao regato da Areosa, logo de tratamento por osmose inversa.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Cédula do 25 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Vivenda e Solo, pola que se lle notifica a Ricardo Pérez Sánchez a resolución do recurso de alzada V-2007/0082, interposto contra a resolución do delegado provincial da Coruña, do 9 de xuño de 2006.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícasele ao interesado, co último domicilio coñecido na praza Enrique Riego, nº 4, Betanzos (A Coruña), a resolución do recurso de alzada número V-2007/0082, interposto contra a resolución do delegado provincial da Coruña, do 9 de xuño de 2006, cuxa parte dispositiva di:

«Resolvo declarar inadmisíbel por extemporáneo o recurso de alzada número V-2007/0082 interposto por Ricardo Pérez Sánchez contra a resolución do delegado provincial da Coruña do 9 de xuño de 2006, pola que se lle denega a autorización de venda da vivenda de protección oficial de promoción pública (expedien-

te C-81/040, conta 2) sita na praza Enrique Riego nº 4, en Betanzos (A Coruña); resolución que se confirma».

Contra esta resolución, que se transcribe definitiva en vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, de conformidade cos artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998.

E para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2008.

Rosa Losada Suárez  
Secretaría xeral da Consellería de Vivenda e Solo

*Cédula do 25 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Vivenda e Solo, pola que se lle notifica a María del Carmen López Requeijo a resolución do recurso de alzada V-2006/0185, interposto contra a resolución do delegado provincial de Pontevedra, do 27 de marzo de 2006.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícasele á interesada, co último domicilio coñecido na avenida de Pontevedra 25, bloque B-2, 2º B A Estrada (Pontevedra), a resolución do recurso de alzada número V-2006/0185 interposto contra a resolución do delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo de Pontevedra, do 27 de marzo de 2006, cuxa parte dispositiva di:

Resolvo desestimar o recurso de alzada número V-2006/0185 interposto por Mª del Carmen López Requeijo contra a resolución do delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo de Pontevedra do 27 de marzo de 2006, pola que se lle impón unha sanción con multa de 3.005,07 euros como responsable da comisión da infracción tipificada no artigo 54.1º h) da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, resolución que se confirma.

Contra esta resolución que se transcribe definitiva en vía administrativa cabe recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de conformidade cos artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto no artigo 46.1º da Lei 29/1998.

E para que conste e lle sirva de notificación á interesada, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2008.

Rosa Losada Suárez  
Secretaría xeral da Consellería de Vivenda e Solo